

I CONCURSO DE CARTAS DE AMOR

O Concello de Cuntis organiza o primeiro concurso de Cartas de Amor que se rexirá polas seguintes

BASES:

1. Poderán participar todos os alumnos e alumnas do CPI Aurelio Marcelino Rey García desde 1º de Primaria.
2. Cada participante pode presentar unha soa carta que deberá ser orixinal e inédita.
3. Para poder ser admitido/a no concurso, os escritos deberán estar escritos en Lingua Galega e ser respectuosos cos demais. En caso contrario será anulada a súa participación.
4. Non hai límite na extensión da carta, aínda que se aconsella que non pase dun folio.
5. Pode ser redactada en prosa ou verso.
6. En ningún caso debe aparecer o nome real do/da destinatario/a. Tan só pode aparecer, se cadra, un pseudónimo ou nome ficticio da persoa á que se dirixe.
7. Os participantes deben presentar as obras dentro dun sobre grande no que, por fóra, figure un pseudónimo ou nome falso. Dentro deste sobre incluírase outro máis pequeno -tamén co pseudónimo por fóra- no que se indique o nome completo e a clase do autor ou autora.
Haberá sobres na Biblioteca Municipal a disposición dos/as concursantes, preguntar ao bibliotecario.
8. Os escritos deberán introducirse nos buzóns que se colocarán para este concurso na **BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL**, sita na praza das Árboreas, ata o día 14 de febreiro.
9. Premios: Un por cada ciclo de primaria e outro por cada ciclo de ESO. Os gañadores ou gañadoras recibirán un premio sorpresa e un diploma acreditativo.
10. O xurado estará formado polo Técnico Bibliotecario, Técnica de Cultura e Concelleira de Cultura.
11. A entrega de premios terá lugar o día da Festa do Lacón con Qrelos, 26 de febreiro, ao remate do pregón, na praza da Constitución.
12. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.

